

## INFORMACIÓN A TER EN CONTA PARA FACER A RESERVA DE PRAZA NUN CICLO DUAL INTENSIVO. CURSO 2024-25

**1.- Como se fai a solicitude? Do 24 de xuño ao 4 de xullo ás 13.00 h.**

Debe facerse unicamente vía telemática na seguinte páxina: [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp)

Ao entrar atoparedes un apartado: **admisión ciclos** e incluso hai un *vídeo de axuda*.

**2.- Cantos ciclos podo solicitar?**

Só se pode cubrir **unha solicitude para un único proxecto de FP Dual intensiva**.

**3.- Unha vez cuberta a solicitude ou solicitudes, que debo facer con ela?**

Debes imprimila e saíranche 2 copias: 1 para o alumno/a e 1 para o centro.

Debes asinar as 2 copias e entregalas para que as **validen nun centro con oferta de FP Dual intensiva**. Se non a validas, non é correcto o procedemento. Pero si empregaches a Chave 365 ou un Certificado Electrónico non é necesario presentala nun centro.

E entregar tamén un **CV co formato Europass**. ( na páxina: [europass.eu](http://europass.eu))

**4.- Cando será o período de selección dos candidatos/as?**

Do día **8 ao 12 de xullo** será a fase de entrevistas.

5.- Cando se saben as prazas adxudicadas e en espera?

O **15 de xullo** cada alumno/a saberá si foi admitido/a e en que empresa.

**5.- Cando abre o prazo de matrícula? Do 16 ao 24 de xullo ás 13.00 h.**

A matrícula xa se fai de xeito **presencial**, cubrindo un modelo no centro onde che admitiron.

Debes levar estes documentos:

\*DNI, pasaporte..( orixinal e fotocopia)      \* Tarxeta sanitaria ( orixinal e fotocopia)      \*2 fotografías carné.

\*Certificado académico dos estudos polos que accedes ( FPB, ESO, Bacharelato, Ciclo, Universidade, Bacharelato..)

\*Si es menor de 28 anos debes pagar **1,12€ de seguro escolar**. ( Preguntar no centro polo número de conta bancaria onde hai que facer o ingreso).

**Dpto. De Información e Orientación Académica e Profesional**

